



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

ACTA Nº 2019/2
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN DE PLENOS, XOVES 24 DE XANEIRO DE 2019 -

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

Manuel Fernández Munín

ASISTEN:

María del Carmen Botana Cebeiro
Antonio González Barral
Ana María Seijo Mosquera
Jesús Sanjuás Mera
Jesús José Santasmarinas Devesa
Alejandro Bermúdez Devesa
Xabier Canabal Fernández
María del Carmen Soutullo Carolo
Iván Eirís Castro
Ana Isabel Alonso Taboada

SECRETARIA-INTERVENTORA:

Elena Suárez Rodríguez

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da Acta anterior**
- 2. Designación do representante da administración para a recepción ou conformidade nos contratos celebrados polo concello.**
- 3. Modificación do proxecto denominado: Melloras en edificios municipais de Lestedo e outros (PAS 2015).**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

- 4. Modificación do proxecto denominado Acondicionamento dunha parcela no lugar do Forte para parque móbil.**
- 5. Mocións núm. 4/2019 e 17/2019 presentadas polo G.M Veciñ@s.**
- 6. Información da Alcaldía**
- 7. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

As deliberacións correspondentes ós puntos tratados neste Pleno atópanse recollidos no arquivo da acta multimedia gravada e que consta no correspondente expediente electrónico da sesión e publicada na web municipal e dispoñible publicamente na seguinte URL, xunto coa acta en formato pdf:

<https://www.boqueixon.com/2019/01/28/sesion-ordinaria-dia-24-de-xaneiro-de-2019/>

ACORDOS

1-. Aprobación da Acta Anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión do Pleno extraordinario realizado o día 19 de decembro.

2-. Designación do representante da administración para a recepción ou conformidade nos contratos celebrados polo concello.

Tal como se establece nos artigos 210 e 243 da Lei de contratos das administracións públicas, os contratos entenderanse cumpridos cando se tivese realizado a totalidade da prestación e a súa constatación esixirá por parte da administración un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do mes seguinte á entrega ou realización do obxecto do contrato ou o prazo que se determine no prego de cláusulas administrativas particulares por razón das súas características. Á

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

intervención seralle comunicado, cando sexa preceptivo, a data e lugar do acto para a súa eventual asistencia no exercicio das súas función de comprobación da inversión.

Á recepción das obras asistirá: un facultativo designado pola administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno do seu facultativo. No apartado 2 do art. 243, establécese que o representante da administración terá que ser un funcionario técnico.

Na disposición adicional terceira da citada lei, no apartado 3, establece que o órgano interventor asistirá á recepción material de todos os contratos, SALVO os contratos menores. Poderá estar asistido na recepción por un técnico especializado no obxecto do contrato, que deberá ser diferente do director de obra e do responsable do contrato. Os servizos de asistencia das Deputacións provinciais asistirán aos pequenos municipios a estes efectos e os demais previstos na lei. A vista de todo o cal,

Procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do P.P. e en contra do grupo municipal Veciñ@s de Boqueixón o Pleno da Corporación, ACORDA:

1. Designar ao funcionario municipal, don Juan Manuel Corral Sánchez representante da administración municipal para a recepción dos contratos que o concello formalize.
2. Dar conta deste acordo ao interesado aos efectos que estime oportunos.

3-. Modificación do proxecto denominado “Melloras en edificios municipais de Lestedo e outros (PAS 2015)”

No Pleno realizado o día 10 de decembro de 2015, aprobáronse os proxectos para participar no Plan de acción social (PAS) 2015 entre os que se incluía, como complementario, o denominado Melloras en edificios municipais de Lestedo e outros por un importe de 30.843,49 euros. Na mesma sesión acordouse executar as obras por administración, polo que a execución das obras corresponde ó concello.

As obras que se ían a realizar no proxecto serían, de xeito resumido:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Actuacións no centro de saúde de Lestedo, no edificio do local social de Lestedo (edificio de usos múltiples), no polideportivo de Cachosenande, no parque infantil da Gándara e no parque infantil da EIM Raiña Lupa.

A día de hoxe hai algunhas actuacións do proxecto que xa están executadas, como por exemplo os parques infantís da Gándara e da EIM Raiña Lupa e as obras do polideportivo de Cachosenande.

Segundo informa a redactora do proxecto no informe de xustificación da modificación, unha vez que se revisaron in situ o estado actual dos edificios dos que estaban pendentes de executar as obras, compróbase que o estado da cuberta do local social de Lestedo atópase en moi mal estado de conservación e peor que o outro edificio (centro de saúde). Polo tanto o que se vai a a facer é substituír a totalidade da cuberta do local social que é a máis urxente.

O importe do proxecto non varía e as modificacións sinaladas, a xuízo da redactora do proxecto non son substanciais.

É preciso enviar á Deputación esta modificación, aprobada polo Pleno, para que envíen o informe de conformidade e poder continuar coas obras, que deberán estar rematadas neste ano,

Procédese coa votación e por unanimidade o Pleno da Corporación, ACORDA:

1. Aprobar o proxecto modificado denominado Melloras en edificios municipais de Lestedo e outros por un importe de 30.843,49 euros.
2. Comunicar este acordo á Deputación para que dean a súa conformidade coa nova redacción do proxecto e se poida continuar coas obras.

4-. Modificación do proxecto denominado “Acondicionamento dunha parcela no lugar do Forte para parque móbil”

No pleno realizado o día 14 de setembro de 2016, aprobouse o Plan de acción social - PAS 2015 onde se incluía o proxecto da obra denominada “Acondicionamento dunha parcela no lugar do Forte para parque móbil” cun presuposto de 40.696,00 euros, dos que a Deputación da Coruña financia 32.556,80 euros e o concello 8.139,20 euros.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Posteriormente, por Resolución da Alcaldía do 12 de xullo de 2017 apróbase unha modificación do proxecto no sentido de incluír os cálculos estruturais de cimentación e alicerces e corrixir os erros matemáticos nos cálculos das diferentes partidas e non variando o presuposto do mesmo. Dita Resolución foi ratificada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o 19 de xullo de 2017.

Segundo consta no informe técnico de data xaneiro de 2019, actualmente e neste momento de execución do proxecto, por causas imprevistas e de interese público e de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 9/2017 de C.S.P, resulta necesario modificar unha vez máis o proxecto modificado aos seguintes efectos e sen variar o presuposto total do mesmo:

- 1-. Cambiar a estrutura da edificación aberta destinada a aparcadoiro de formigón armado, por unha estrutura metálica prefabricada.
- 2-. Modificar o peche frontal da finca, que deberá ser de contención de terras, debido á diferenza de cota do interior da finca coa beirarrúa de acceso.
- 3-. Axustar as partidas de xestión de residuos e seguridade e saúde de todos os capítulos, tendo en conta un maior coñecemento dos recursos dispoñibles (incluíndo o punto limpo municipal).

Por outro lado é preciso enviar o acordo plenario desta modificación á Deputación para que comproben o proxecto e dean a aprobación correspondente para continuar coas obras. Polo que,

Procédese coa votación, e cos votos a favor do P.P. e en contra do grupo municipal Veciñ@s de Boqueixón o Pleno da Corporación, ACORDA:

1. Aprobar a modificación do proxecto denominado Acondicionamento dunha parcela no lugar do Forte para parque móbil por un importe de 40.696,00 euros incluído no Plan de Acción Social 2015.
2. Remitir este acordo á Deputación da Coruña.

5.- Mocións núm. 4/2019 e 17/2019 presentadas polo G.M Veciñ@s

Moción 4/2019 sobre transporte público

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Defende esta moción, que se transcribe a continuación, o concelleiro Iván Eirís Castro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O noso Concello, no ano 2017, contaba cunha poboación total de 4.291 hab. e 1740 vivendas; dada a dispersión poboacional existente e se queremos limitar e incluso frear á sangría demográfica debemos actuar de xeito precoz e certo.

Un dos elementos vertebradores para o Concello é o Transporte Público, tanto interno como con Santiago, e este é un dos eixos que menos se traballou dende a Corporación Municipal, nin se deron os debates necesarios na reestruturación do Transporte Metropolitano.

Precisamos aumentar a frecuencia das liñas internas que comunican as diferentes parroquias coa capital do municipio, para acudir ao centro de saúde e facer diversos trámites nas dependencias municipais, colexios, correos... así coma a frecuencia das liñas que comunican o noso municipio cós limítrofes, especialmente con Compostela.

E por iso polo que propoñemos ó Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- Estudar incrementar a frecuencia horaria das liñas de Mosquera para conectar as parroquias de Gastrar, Loureda, Vigo e Lamas coa capital municipal e con Santiago.
- Valorar conectar as liñas internas coa Susana.
- Estudo dun Transporte Público baixo demanda para acceder aos servizos básicos do Concello ou para a conexión das distintas parroquias coas liñas de transporte que entroncan con Santiago.
- Estudar incrementar as liñas de Monbús ata Ponteulla, en colaboración co Concello veciño de Vedra. Estes servizos deberan ter unha frecuencia horaria entre as 8.00 h e as 22.00 h.
- Propoñer a realización dun aparcadoiro disuasorio na Susana en colaboración cos Concellos limítrofes de Santiago e Vedra.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

- Propoñer unha ampliación da liña de Bus Municipal de Santiago ao fin de que poida discorrer tamén polo noso Concello.
- Estudar incrementar a frecuencia horaria das liñas de Lázara; remitimos a nosa proposta a modo de borrador ou punto de partida

LÁZARA (dende Ledesma)	LÁZARA VOLTA (dende Santiago)
7.15 H	10.00H
7.40 H (lectivo)	13.00H
8.50H	14.30H
10.45H	17.00H
12.45H	19.00H
14.30H	22.00H
16.30H	
18H	

- Remitir este acordo aos Concellos limítrofes e ás empresas: Lázara, Mosquera e Monbus para que poidan valorar as propostas e facer as súas achegas, se así o consideran.

Unha vez finalizado o debate, por unanimidade ACÓRDASE, deixar esta moción sobre a mesa para estudar a posibilidade da súa aplicación conxunta con outros concellos limítrofes.

Moción 17/2019 sobre creación de centro de día e residencia xeriátrica

Defende esta moción a concelleira M^a Carmen Soutullo Carolo, que se transcribe a continuación:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Boqueixón conta cunha poboación aproximada de 4.300 habitantes (á baixa) repartidos en 14 parroquias e múltiples aldeas ó longo dos seus 73 Km².

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Esta poboación atópase moi dispersa e envellecida o que comporta un problema de illamento, sobre todo para os nosos maiores.

Esta circunstancia afecta á saúde dos nosos vellos, tanto psíquica coma fisicamente. Comen peor, acoden menos ó médico, teñen menos actividade e socializan menos.

A familia é o mellor antídoto para previr todos estes problemas. A maioría dos nosos vellos preferirían seguir vivindo ata o final dos seus días nos seus domicilios, pero cando isto non é posible, canto máis cerca poidan estar do seu entorno mellores serán as súas condicións de vida.

O grupo de Veciñ@s contempla as residencias e os centros de día coma último recurso asistencial pero necesario.

Visto que no noso Concello non contamos con ningunha residencia xeriátrica nin centro de día municipal e o xeriátrico privado San Rosendo non atende ás demandas da poboación de Boqueixón, instamos ó Pleno da Corporación a tomar os seguintes

ACORDOS:

1. Poñerse en contacto cós concellos limítrofes (Vila de Cruces, Vedra, Touro) para habilitar algún lugar coma centro de día.
2. Contemplan a posibilidade de que neste mesmo local ou nun anexo se habiliten prazas para un xeriátrico intermunicipal.

Con isto conseguiríamos:

- o Paliar, no noso Concello e nos limítrofes, a dispersión dos nosos vellos por todo territorio da comunidade.
- o Reducir as listas de espera para ingresar nun xeriátrico ou acudir a un centro de día.
- o Maior autonomía dos nosos maiores e dar un respiro aos cuidadores.
- o Creación de postos de traballo nos nosos concellos.
- o Fixación de poboación no rural, ...



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Procédese coa votación e por unanimidade apróbase esta moción número 17/2019.

6-. Información da Alcaldía

Dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía dende o 10 de novembro de 2018 ata o 17 de xaneiro de 2019

7-. Rogos e preguntas

O Sr. Canabal Fernández fai a seguinte pregunta sobre:

- O servizo de correos en Vedra e Boqueixón

A Sra. Soutullo Carolo fai os seguintes rogos e preguntas sobre:

- Melloras da comunicación na AC-960 entre a Susana e Ponte Ledesma, nos lugares de Vilar e Camporrapado
- Casas rectorais de Boqueixón
- O parque Compostela Rupestre

O Sr. Eiris Castro fai os seguintes rogos e preguntas sobre:

Rogos:

- Instalación de paneis informativos fixos en distintas parroquias
- Certame e unidade didáctica Anxo Rey Ballesteros
- Parque infantil da Gándara

Preguntas:

- Viaxe a Amsterdam
- Curso primeiros auxilios para nenos
- Inclusión de actividades nas revistas municipais

As deliberacións e respostas están recollidas na acta multimedia gravada o día da realización do Pleno e que forma parte do expediente electrónico desta sesión.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Ás 22:00 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que estende a presente acta, da que eu, secretaria-interventora, dou fe.

Boqueixón, martes 29 de xaneiro de 2019

A secretaria-interventora, Elena Suárez Rodríguez

O alcalde, Manuel Fernández Munín